

Control do Goberno

Na última saída que fixemos tivemos a posibilidade de asistir a unha sesión de control no Parlamento de Galicia. Desta visita saíu un debate sobre a eficiencia das sesións de control. Para que serven? Son realmente efectivas? Que intentan arranxar?

Estas son preguntas que na miña opinión todo o mundo debería facerse, non só no ámbito das sesións de control ou no tema político, senón con todo o que nos atopamos no día a día. Deberíamos facernos a pregunta de: Está isto ben, pode haber outra forma de facer as cousas?

Vese claramente que hoxe en día damos todo por sentado, pensamos que todo está meditado e feito correctamente ou da mellor forma posible. Eu creo que fomos ao Parlamento para que nos ensinasen o ben que está montado o noso sistema, que non nos temos que preocupar xa que temos o mellor posible ou o máis democrático, cousas que di a mesma xente á que se lle enche a boca coa palabra democracia e transición. Se ben é certo que houbo unha melloría no sistema político en comparación con 50 anos atrás non podemos dar por rematado o traballo, aínda queda moito por facer.

Con este enfoque é co que eu participei nese debate das sesións de control. O noso guía, que era a outra voz nese debate, sostíña a idea da necesidade desas sesións, nas que os partidos políticos da oposición interrogan ao presidente co fin de supervisar as accións do goberno. A pregunta que surxe aquí é: realmente existe un control? Levamos uns anos vendo como as maiorías absolutas fan o que queren sen ningunha limitación e menos unha que proveña desas sesións; vemos como un partido político con maioría absoluta pode facer o que queira sen necesidade de responder ante os votantes que lle deron o poder, a revisión ou comprobación desas accións queda relegada entón a unha soa votación cada catro anos, ao meu parecer insuficiente. Hai moitos exemplos de maiorías absolutas que tomaron medidas que non contentaron á maior parte da poboación ou á maioría do sector ao que afectaban, un exemplo sería a LOMCE. Con isto presente, que control hai? Serven para algo as sesións de control? E máis importante, o pobo, do que emana o poder, ten a posibilidade de opinar? A resposta a estas preguntas é non.

Como dixemos anteriormente, existen moitos erros nun sistema que nos presentan como o mellor, ou polo menos o menos malo. É realmente así? Non sería mellor un sistema no que independentemente dos partidos ou maiorías electorais, se lle preguntase ao pobo nos asuntos máis importantes? As sesións de control intentan arranxar os deficiencias das democracias representativas pero, como vemos, inténtao sen éxito. Cambiar totalmente o sistema que temos hoxe suporía dar un paso cara a democracia participativa na que sexa a xente a que decida e non uns señores ou señoras que son elixidos cada catro anos e que durante o seu mandato non son sometidos a ningún control. Esta xa é tarefa da nosa xeración, que mirando atrás ve como moita xente deu a súa vida para que nos tivesemos a mellor vida posible e para agradecerlo o mínimo que podemos facer é tomar o relevo e continuar cambiando o mundo.